



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Frades, en Sesión Ordinaria do xoves 31 de xullo de 2025, aprobou o seguinte ACORDO:

6º.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DAS ACHEGAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO. EXPEDIENTE 2025/A002/000001

Dáse lectura proposta de acordo:

PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONCESIÓN DAS ACHEGAS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO

EXPTE TEDEC: 2025/A002/000001

Vistas as Bases reguladoras da convocatoria ordinaria de subvencións entidades sen ánimo de lucro para o ano 2025.

Vista a aprobación das bases reguladoras por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de maio de 2025.

Visto que se publicaron as bases e convocatoria a través da BDNS e no BOP de data 22/05/2025.

Visto que constan as solicitudes presentadas polas entidades interesadas.

Visto o informe técnico de data 29/07/2025, co visto e praxe da comisión de valoración, para o reparto e concesión das axudas de acordo coas Bases reguladoras.

Visto o informe de fiscalización de intervención.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, como órgano delegado de Alcaldía. **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

PRIMEIRO. Avaliadas as solicitudes, conforme os criterios, formas e prioridades de valoración que se expoñen nas bases reguladoras, e verificación do cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario da subvención, aprobase, a concesión das subvencións a ditas entidades por cumprir cos requisitos esixidos nas bases publicadas no BOP, para acceder ás subvencións, segundo o seguinte detalle:

BENEFICIARIO	FINALIDADE ESPECÍFICA	IMPORTE SOLICITADO	TEN DÉBEDAS TRIBUTARIAS/SS	OUTRAS ACHEGAS MESMA FINALIDADE
AVV Avelaíña de Añá	Desbroce parcela de monte e subministro de bancos e mesas	2.000 €	NON	NON
AVV Os Pasos de Aiazo	Automatización de campás	2.000 €	NON	NON
AVV Santa Mª de Papucín	Colocación de cancela no cemiterio	2.000 €	NON	NON



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

AVV Os Labregos de Abellá	Construción de tellado e instalación de porta	2.000 €	NON	NON
AVV Río Samo de Galegos	Axardinamento en pista multiúsos e inchables	2.000 €	NON	NON
AVV San Juan de Vitre	Pintura exterior da capela das Virtudes	2.000 €	NON	NON
AVV Río Maruzo de Moar	Motor pozo e acondicionamento exterior	2.000 €	NON	NON
AVV e cult. San Martín de Frades	Pintura interior capela da Magdalena	2.000 €	NON	NON
SD Pontecarreira	Participación en competicións oficiais de 3ª rexional	2.500 €	NON	NON
SE Abellá SDC: Veteranos, feminino, prebenxamín, benxamín, alevín e xuvenil.	Participación en competicións oficiais	6.000 €	NON	NON
ANPA O Fopo	Actividades extraescolares/conciliación	1.200 €	NON	NON
Asoc. Cult Sarillo de Aiazo	Curso de música tradicional	1.900 €	NON	NON
Asociación da terceira idade de Frades	Substitución xanelas e portas local 3ª idade	1.000 €	NON	NON
Asociación de mulleres Airiños galegos	Excursión cultural a Soutomaior e Cambados	1.100 €	NON	NON
Club de cazadores de Frades	Repoboación cinexética	2.000 €	NON	NON
Asoc cultural Son da terriña	Instrumentos musicais e vestiario	1.300 €	NON	NON
Asociación sociocultural Os Reiceiros	Transporte 5 e 6 de xaneiro	450 €	NON	NON

TOTAL: 33.450 €

SEGUNDO. Dispoñer o gasto, a favor das entidades enumeradas con anterioridade, con cargo a partida do orzamento prorrogado ao 2025, aplicación 334 48000, importe de 33.450 €,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

TERCEIRO. De acordó coa base X, a xustificación da achega deberá realizarse:

Antes do **30 de novembro de 2025**, as asociacións beneficiarias das axudas deberán presentar no Rexistro Xeral deste Concello, a documentación seguinte:

- a) Memoria detallada das actividades realizadas (Anexo VII).
- b) Relación de ingresos e gastos da actividade (Anexo VII)
- c) Facturas xustificativas dos gastos efectuados, orixinais ou fotocopias compulsadas, nas que constará o nº de factura, o nome da asociación ou do solicitante, de ser o caso, DNI ou CIF, tanto da empresa expendedora da factura, como do cliente da mesma, importe. As facturas xustificativas corresponderán a gastos realizados do 1 de xaneiro de 2025 ata o día no que finalice o prazo de xustificación (30/11/2025).
- d) Declaración na que se recolla o conxunto de todas as axudas que teñan concedidas para a mesma finalidade pola restantes Administracións Públicas (Anexo III)
- e) No caso de obras, poderase solicitar por escrito ao Concello unha ampliación do prazo dun máximo de 15 días (ata o 15 de decembro de 2025) no caso de non ter rematada a obra en prazo por causas xustificadas.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados, con indicación dos recursos pertinentes.

Os presentes acordos foron adoptado por unanimidade dos membros presentes na Xunta de Goberno Local.

A Secretaria

María Lourdes Castro Pena